



casadesarmento

centro de estudos do património

Revista de Guimarães

Publicação da Sociedade Martins Sarmento

PARALELOS GALEGOS A UNHA PRACTICA POPULAR TRASMONTANA.

BOUZA BREY, Fermin; LOPEZ CUEVILLAS, Florentino

Ano: 1928 | Número: 38

Como citar este documento:

BOUZA BREY, Fermin; LOPEZ CUEVILLAS, Florentino, Paralelos galegos a unha practica popular trasmontana. *Revista de Guimarães*, 38(3-4), Jul.-Dez. 1928, p. 115-122.

Casa de Sarmento
Centro de Estudos do Património
Universidade do Minho

Largo Martins Sarmento, 51
4800-432 Guimarães

E-mail: geral@csarmento.uminho.pt

URL: www.csarmento.uminho.pt



Este trabalho está licenciado com uma Licença Creative Commons
Atribuição-NãoComercial-SemDerivações 4.0 Internacional.

<https://creativecommons.org/licenses/by-nc-nd/4.0/>

Paralelos galegos a unha práctica popular trasmontana

A semellanza das tradicións galegas — e do folclore en gêral — cas portuguesas trócase en identidade cando elas son espremidas nas terras miñotas ou nas trasmontanas. Non podía soceder de outro modo cando o mesmo *ethnos* serve de base aos dous países que a prehistoria común acredita e o común sentimento avencella. Podíase facer un Cancioeiro popular de cántigas que se repiten en unha e outra banda da barreira fronteiriza que os homes ergueron, e tamén un Adagiario paralelo, en espezal na parte agrícola e meteorolóxica ja que unhas mesmas son as condizóns climáticas e de cultivo nas ditas zonas.

Algunha vez tencionaremos de facer tal laboura comparativa; hoje sô desejamos corresponder ás amabilísimas atenzóns que connosco tivo a fidalga «Sociedade Martins Sarmiento» representada pol-o seu distinto socio noso ademirado amigo Vieira Braga, en recente excursión arqueolóxica por terras de Portugal, durante a que pudemos apreciar canta é a liberalidade e o altruismo centífico de quen tanto eleva o nome da nazón de Camoens e custodia coleizóns fortemente intresantes. Agardamos que mais adiante poderemos contribuir con algo mais que con ista singela nota a estreitar as relacións culturaes da Galiza renascente e da saudosa Lusitania.

Ao facer recentemente o Dr. Santos Junior a recesión do estudo que ôs *Santos curandeiros* na *Medicina popular segundo a tradición de Guimarães* adica

o ilustre investigador Dr. Luís de Pina ⁽¹⁾ nos «Trabalhos da Soc. Port. de Antrop. e Etnol.» refere de este jeito unha práctica «de veras curiosa» recollida en Moncorvo, de Traz-ós-Montes:

«Quando as coisas do parto correm mal e, principalmente, quando a expulsão das secundinas demora, é remédio indicado o mandar alguém à capela da Senhora da Eirinha (N.ª Senhora das Necessidades) virar uma telha. Depois que a nuvem negra passou voltam a endireitar a telha que foi voltada. Igual virtude gozam as telhas da capela de S. Paulo.» ⁽²⁾

Eisiste, como vemos, n-esta práctica e acción de virar as tellas, acción que temos recollido en Galiza tamén, inda que con finalidade ben diversa.

En efecto, sitúase a práctica galega na capela que coroa o Monte de San Alberte, capela do Santo epónimo no concello de Santa Eugía de Ribeira, jurisdicção de Noia, na costa occidental da Ria de Arousa, lugar a onde acoden as mulleres da familia dos mariñeiros pra virar as tellas cara ao ponto cardinal de onde desexan corra o vento juzgado favorabel às embarcações dos que andan loitando co mar nas faenas pesqueiras ⁽³⁾.

Dende logo separa às duas prácticas, a portuguesa e a galega, unha diferenza de finalidade. Pol-a primeira búscase un efecto profiláctico, curativo; o buscado na segunda é singelamente meteorolóxico.

Júngueas, pol-a contra, a mesma materialidade, o *viramento das tellas*, en cuió feito ainda podemos analizar separadamente dous elementos, a *acción de virar* e o *oujeto virado*.

Das tellas como oujeto virado, non conocemos en Galiza ningún outro costume, nin sabemos ren das tellas como oujeto de culto superstizoso que teña analogía co que se trasluce como eisistente en Portugal

⁽¹⁾ LUÍS DE PINA — «Medicina popular segundo a tradición de Guimarães — Os santos curandeiros». — «Revista Lusitana». Pôrto, 1927.

⁽²⁾ «Trabalhos da Soc. Port. de Antrop. e Etnolog.». Vol. III, fasc. IV, pag. 374.

⁽³⁾ Debemos ista e outras notizas da presente nota ao noso amigo o etnógrafo D. Ramón Martínez López.

pol-o refrexo da musa popular na cántiga que, recollida por Fernandes Thomás nas suas «Canções populares da Beira», diz así:

As telhas do teu telhado,
são vermelhas, têm virtude:
passei por elas doente,
logo me deram saúde. (1)

N-ela o mestre Leite de Vasconcellos que prologa o libro coida ollar «o vestigio de uma antiga superstição, pois para alguns povos a côr vermelha goza de virtudes miríficas contra os maus espíritos: é ainda por isso que freqüentemente se vêem na testa e ao pescoço dos animais, — jumentos, bois, cabras, etc. —, fitinhas vermelhas que o povo vai explicando já hoje como mero enfeite (e por isso às vezes emprega, embora não vulgarmente, outras côres), mas que tem diferente origem. O autor de aquela quadra não quer dizer, segundo penso, que a saúde lhe proveio pròpriamente da virtude das telhas: êle sabe que as telhas, sim, têm virtude ingénita; mas por outro lado, o de passar junto da porta da namorada é-lhe salutar: então por um elegante conceito, funde as duas ideias e faz aparentemente atribuir às telhas, — cuja virtude supõe sabida —, a saúde que só lhe chega da namorada» (2).

¿Será debido a isto, preguntamos nós que non temos o conocimiento que desejamos da bibliografía etnográfica do país irmán — pol-o que pintan de vermelho as tellas ou as simulan en poboazóns do norte de Portugal Chaves, por eij.?. E' cousa desusada en Galiza e que nos ten chamado a atenzón.

Tampouco son abondosas as cántigas do noso Cancioeiro popular que fagan refereniza as tellas nin o tellado. Os nosos inquéritos n-este campo deron non

(1) PEDRO FERNANDES THOMÁS — «Canções pop. da Beira, acompanhadas de 58 melodias recolhidas da tradição oral...». 2.ª edic. COIMBRA, 1923. Pág. 181.

C. PIRES DE LIMA tamén a publica no seu «Canc. pop. de Vila-Real». PÓRTO, 1928. N.º 183.

(2) J. LEITE DE VASCONCELOS na introduzón do libro de Fernandes Thomás, pág. XVI.

embargante curioso resultado. Unha de elas ten un juramento, unha auto-maldizón ben esprícita e terminante en cuia formazón non podemos ollar senón a busca de un objeto plural pra que se poida realizar o que alí se espresa; e non hai n-unha casa nada mais abondoso do que as tellas:

As tellas do teu tellado
se volvan granos de sal
e que me caian nos ollos
nena se te quero mal. ⁽¹⁾

En outras cántigas anda vagando algo sobrenatural, de miragre e de misterio, patente nas frases «deitar auga sen chover», «botar auga do revés» e as francamente religiosas desenrólanse n-un ambiente tau-matúrgico tan positivo que as cántigas relatan cáseque sempre feitos miragreiros socedidos ja. Vejamos as primeiras:

As tellas do teu tellado
deitan auga sin chover.
Ja me olvidaches por outro
que inda te ha de aborrecer. ⁽²⁾

As tellas do teu tellado
botan auga do revés
cumpre con outro rapás
connigo cumprido tés. ⁽³⁾

Teño de prantar un pino
enriba do teu tellado;
quando o pino bote frores
estarei ao teu mandado. ⁽⁴⁾

⁽¹⁾ JUAN SACO ARCE — «Literatura pop. de Galicia». «Boletín de la Com. Prov. de Mon. Hist. y Art. de Orense». T.º IV, n.º 76 e segts. Cántiga n.º 195.

⁽²⁾ SACO, ob. cit., Cánt. 425. Aparez tamén recollida con ligeiras variantes no «Bol. de la R. Acad. Gallega», Ano X, N.º 100 e por PEREZ BALLESTEROS no seu «Cancionero pop. gallego», T.º II, pag. 7. O mesmo SACO consiña variantes na copra n.º 426 e 196.

⁽³⁾ SACO. Ob. cit. Cánt. 375.

⁽⁴⁾ «Bol. de la R. A. Gall.», Ano IX, N.º 84. Tamén a trae ligeiramente variada SACO.

Das religiosas son istas :

Miña Vigen do Jurés
 ten un tellado de vidro
 que llo deu un mariñeiro
 que andaba no mar perdido. (1)

Nosa Señora da Barca
 ten o tellado de pedra,
 ben o podía ter de ouro
 nosa Virgen si quixera. (2)

Meu divino San Andrés,
 tellas do voso tellado,
 elas de longe parecen
 ouro fino amartelado. (3)

Por fin, hai outras simplemente amorosas ou de outra índole, en que as tellas e o tellado representen, ao que parece, un papel indiferente. Trascríbimolas pra compretar o cadro de ista materia.

Abreme a porta, Marica,
 si non vou pol-o tellado
 que quero ir arrematar
 o que teño comenzado. (4)

Maripepa ten un niño
 entre as tellas do tellado;
 o niño de Maripepa
 quando chove está mollado. (5)

(1) SACO, cántiga 77.

(2) Cántiga moi popular glosada pol-a egregia Rosalía Castro n-un dos seus poemas. En BALLESTEROS, T.º I, pag. 194, aparece unha variante que non fala do tellado e que tamén se publicou un pouca trocada no «Bol. de la R. A. Gall.», Ano VII, N.º 65 :

A Virxe da Pastoriza
 ten o camarín de pedra.
 ¡ Ben o podía ter de prata
 miña Virxe si quixera !

(3) FEDERICO MACIÑEIRA — «San Andrés de Teixido», pag. 110. Tamén en BALLESTEROS, T.º II, pag. 288.

(4) «Bol. de la R. A. Gall.». Ano VII. N.º 69.

(5) No Bol. devandito.

As tellas do teu tellado
e as pedriñas do teu muro
son as que che han de decir
as veces que te eu procuro. (1)

Miña nai botoume fora
pol-as ripas do tellado
que fose cuidar do liño
que o come o porco bravo. (2)

Aquela casa tellada
miña nai, telleina eu.
Aquela moza bonita,
miña nai, quéroa eu. (3)

Mais nós, pol-o que a Galiza se refire, coidamos deducir de tal análise que o verdadeiro interés da superstición de que vimos tratando reside no propio acto de virar. Así o proceso psicológico da práctica comentada podería ser iste. A realidade móstralle ao practicante que existe algo que necesita variar, que precisa de un cámbio, pois no estado en que se encontra non pode o predito invocante resolver o problema proposto, ja sea *expulsión das secundinas*, ja sea *outenzón de tempo favorable*. Agora ben; pra iso é necesario acodir á divinidade que, indudabelmente, non se mostra propicia; é preciso trocar a sua vontade e destoncias acódese ao acto material, que non é mais que espresión simbólica da incrinazón da divinidade a favorecer ao improrante. Entón é que se vira a imagen mesma, e por iso temos en Galiza prácticas que adiante reseñaremos. Pode soceder que a propia figura representativa da divinidade non seja posibel tornala pra onde se quer, tal e como socede no caso da capela, que fica pechada no momento em que é preciso. É entón cando se recorre aos oujetos móbiles

(1) SACO, cánt. 356 e PIRES DE LIMA, cánt. 182.

(2) «Bol. R. A. Gall.», Ano X, N.º 92. Variante en BALLESTEROS, T. I, pág. 39.

(3) SACO, cánt. 267. Prescindimos de outras cancións portuguesas referentes á tella e ao tellado por non ter relación directa co asunto de que tratamos.

que están a man no momento en que se encerra a imágen taumatúrgica e fica fixada a práctica. As tellas parécennos os únicos.

Poucas liñas mais arriba facíamos alusión a imágens viradas tamén. Sitúanse unhas na mesma bisbarra onde se viran as tellas da capela de San Alberte, país moi típico, cheo de lembranzas prehistóricas ⁽¹⁾ que ten nos cruceiros unha curiosa modalidade dentro do arte popular da Galiza mesma. Tales moimentos teñen alí como variedade característica que abrangue unha zona geográfica que vai dende as veciñanzas de Padrón ata as de Noia, unha capeliña, camarín ou cousela aberta no varal ou columna antes de chegar á cruz en que remata, ocupando o lugar do capitel ausente pol-o común. Dito camarín encerra unha ou varias estatuíñas de pedra de gran representando á Nai de Cristo baixo diversas advocazóns, policromadas, de ordinario. Cando os labregos ou as ceifeiras necesitan bô tempo ou tempo de chuvias van alí e tornan a estatua ou estatuas pra o Norte ou pra o Sul respectivamente. Eijempro de cruceiro de unha imágen sômente é o de Cubeliño, lugar da freguesía de Cespón, no Concello de Boiro que ten a particularidade de estar afinado a poucos metros da chamada «pedra da craba», lage gravurada na superficie con dous animaes ao parecer do género *capra* acompañados de un círculo, de interés a composición pra o arte prehistórico ⁽²⁾. Eijempro do cruceiro con múltiples representazóns da Virxen María témolo no de Coroño, do mesmo Concello as que, repetimos, son viradas todas a un tempo cando se quer conseguir o efecto meteorolóxico espresado.

En Piantón, concello de Vegadeo, na provincia de Lugo, eisiste un San Román do Monte, que nomean, ao que se lle sujeta ás mesmas viraduras devanditas ca mesma finalidade. Pro eiquí socede que si o vento é favorable lévante frores, adórnano con fitas de cô-

(1) CUEVILLAS E BOUZA BREY — «Prehistoria e Folklore da Barbanza». Publicazóns do Seminario de Estudos Galegos. A Cruña, 1928.

(2) Vide deseño de esta inscultura no noso estudo prehistórico ja citado.

res e póñenlle galones ô cómico uniforme de que está vestido; mais, si o Santo non fai o miragre, entón é que lle lanzan improperios, insúltano e degrádano, retirándolle os galones e rebaixándolle, por tanto, a categoría. E non é isto o pior senón que o Santo como é tan concurrido nunca está en paz, por ser frecuentes os incidentes e acometidas entre as mulleres devotas ao topallo virado de aquela direizón en que o puxeron, por razón de que a outras lles conviña mais o vento contrario:

O mesmo que vai relatado socede en Figueiras, pobo da Ria de Ribadeo, de costumes e fala galegas, aínda que administrativamente perténeza ás Asturias (1).

En fin: prácticas todas elas que non parecen senón materializazón realizada pol-o instinto popular das frases ou ditos que andan nos beizos de todos: «*torcéuseme o destino*», «*virouseme a sorte*», «*teño o santo de cara ou de costas*»

Viramento que, en terras de Guimarães mesmo, preserva das bruxas si vai acompañado de outras condicións que compretan o costume (2); viramento que se invoca na triada

*Assim como estou virado p'ra nascente,
onde nasce êste sol resplandecente,
assim se me varra êste mal de repente.*

FERMIN BOUZA BREY e FLORENTINO L. CUEVILLAS.

(1) Debemos o coñecemento de ista práctica e da anterior ao noso querido amigo o Vicerrector da Universidade de Sant-Yago de Compostela Dr. Armando Cotarelo.

(2) ALBERTO VIEIRA BRAGA — «De Guimarães: Tradições e usanças populares». T.º I, 1924, pags. 272 e 273.